

Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 22 de outubro de 2024

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 22/10/2024
- II. Asistentes á CGIC do 22/10/2024
- III. Declaración de Interese para a modificación da titulación *Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga*
- IV. Rexistros R3 DO-0201 Informes de Coordinación das titulacións do centro (curso 2023/2024):
 - a. R3 DO-0201 Informe de Coordinación do GEE
 - b. R3 DO-0201 Informe de Coordinación do GERME
- V. Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2023/2024), correspondente ao rexistro R1 DO-0202 Plan de promoción do centro
- VI. Rexistro *R2 DO-0203 Informe final de avaliación do PAT-ANEAE (curso 2023/2024)*
- VII. Rexistros do procedemento DO-0205 Xestión da mobilidade correspondentes ao curso 2023/2024:
 - a. *R1 DO-0205 Listaxe de estudantado propio seleccionado*
 - b. *R2 DO-0205 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo*
- VIII. Rexistro *R1 DO-0301 Verificación/Chequeo de Información Pública*
- IX. Rexistro *R1 MC-05 Informe de Resultados de Satisfacción Propios do centro (curso 2023/2024)*
- X. Rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2022/2023)*
- XI. Rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2022/2023)*.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 22 de xullo de 2024.**

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

- **Espazos INFO e EME-PROF (COOR) en Moovi para o curso 2024/2025**

- ✓ 4 setembro. Solicitude de apertura dos espazos INFO e COOR do centro cos mesmos criterios do curso anterior. Faise unha apertura urxente e provisional do espazo INFO1 para facilitar o acceso á información da xornada de benvida.
 - ✓ 4 – 19 setembro. Proceso de configuración dos espazos e resolución de erros xurdidos por incidencias de SIGMA (coa axuda de Sonia Álvarez e Juan Aguiar), ata a súa posta en marcha definitiva.
 - ✓ 16 setembro – 9 outubro. Revisión, actualización e publicación das Preguntas Frecuentes (FAQ) nos espazos INFO de grao e máster.
- **Comunicacións da Área de Calidade**
- ✓ **Acreditación Institucional:**
 - 26 xullo. Achégase comunicación da ACSUG na que informa de que se atopan traballando nun borrador da *Guía de Renovación de Acreditación Institucional de Centros*. A previsión é enviála para revisión no mes de setembro e a súa posterior aprobación. Posteriormente se acordará un cronograma de visitas aos centros, que se poderían desenvolver a partir do mes de marzo, establecendo, en cada caso, as datas de envío da documentación previa.
 - 3 outubro. Desde a Área de Calidade informan de que a ACSUG aínda está a traballar no borrador da Guía.
 - ✓ **Cadro de mando e IRPD 2022/2023**
 - 29 xullo – 1 agosto. Aclaracións da Área de Calidade sobre os indicadores I31 e I42, relacionados coas accións de mellora, e o bloque de indicadores I7, relacionado coas convocatorias do programa DOCENTIA.
 - 30 xullo. Achegan novo modelo de IRPD, modificado cos indicadores vixentes, elaborado para os centros que non introduciron o cadro de mando.
 - 2 agosto. A Área de Calidade corrixiu os erros da plataforma do SGIC no estado de dúas accións de mellora.
 - ✓ **Consulta prazos Selo EURACE para os graos do centro**
 - 23 - 30 setembro. O prazo para enviar as solicitudes provisionais será en 2025, debendo confirmalas antes do verán. Ademais, darán prioridade ás titulacións que deban renovar o selo e as que cumpran as prescricións establecidas inicialmente. Trasládouse o interese da EME na solicitude do selo para as titulacións de grao que se tiña posposto ata o remate do proceso de implantación dos novos plans de estudos.
 - ✓ **Enquisas de Avaliación Docente EAD 2024/2025:**
 - 25 setembro. Información sobre a próxima posta en marcha do proceso de realización das enquisas de avaliación docente (EAD) e recordatorio da utilidade denominada *Visibilidade de Enquisas* no apartado *Campus Docente* da aplicación SIGMA que permite ao profesorado determinar o momento concreto no que o seu alumnado pode acceder á realización das enquisas

de avaliación da súa docencia. O período de realización das enquisas do primeiro cuadrimestre vai do 30 de setembro ata o 31 de xaneiro de 2025.

- 30 setembro. Información da posta en marcha do proceso de realización das enquisas de avaliación docente (EAD) do primeiro cuadrimestre. Infórmase de que o alumnado recibiu un correo invitándolle a participar nas enquisas coas instrucións para acceder á aplicación (ruta de acceso: *Páxina da UVigo – Secretaría Virtual – Portal Académico – Avaliación da docencia*). Achégase o documento remitido ao alumnado coas instrucións de acceso e lémbrese o funcionamento da utilidade para o profesorado denominada *Visibilidade de Enquisas* no apartado *Campus Docente* da aplicación SIGMA. Prégase difusión entre o profesorado e o alumnado do centro para fomentar a participación. A información está dispoñible nesta [ligazón](#).
- 14 outubro. Achégase o estado da participación nas EAD, por titulacións, acadada ata o día 13 de outubro.

CENTRO	Potenciais	Realizadas	Porcentaxe
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	1211	3	0,25 %

✓ **Actualización e simplificación de procedementos do SGC:**

- 26 setembro. Achégase borrador de catro procedementos de calidade que actualizan dende a Área de Calidade para a súa implantación a partir de xaneiro de 2025. Os cambios inclúen actualizacións normativas e responden a criterios de simplificación e mellora dos mesmos. Solicítanse achegas e suxestións ata o 15 de novembro de 2024.
 - AC-01 Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais
 - DE-03 Revisión pola Dirección
 - DO-0204 Xestión das prácticas
 - MC-02 Xestión das QSP

➤ **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións no Portal de Transparencia**

✓ 1 outubro. Publicación de indicadores no Portal de Transparencia:

- Prácticas curriculares e extracurriculares curso 2023/2024
- Demanda de matrícula, notas de corte e ocupación por titulacións curso 2023/2024
- Informe de inserción laboral das persoas tituladas en grao e mestrado do curso 2020/2021.

➤ **Rexistros pechados na plataforma do SGIC - Curso 2023/2024**

- ✓ *R1 DO-0201 PDA*. Rexistrouse a PDA do curso 2023/2024
- ✓ *R2 DO-0201 POD*. Rexistrouse o POD do curso 2023/2024.

➤ **Rexistros pendentes na plataforma do SGIC - Curso 2023/2024**

- ✓ *R1 DE-01 Programa de desenvolvemento estratéxico do Centro* (alerta 01/09/24)
 - En elaboración
- ✓ *R1 PE-02 Informe de Resultados Institucionais* (alerta 15/07/2024)
 - Informe do programa DOCENTIA, non dispoñible
- ✓ *R1 DO-0102 Informe final de seguimento externo* das titulacións do centro (alerta 31/10/2024)
 - Non procede neste curso.

3. Aprobación, se procede, da Declaración de Interese para a modificación da titulación *Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga*.

A Presidenta sinala que se trata de un título interuniversitario de 90ECTS coordinado pola UDC, no que participan UDC, USC e UVIGO, e que este ano académico se implanta o 2º curso. Sinala que se identificaron algunhas cuestións que poderían mellorarse e, por iso, propónse aprobar a declaración de interese para a modificación do título.

Cede a palabra a María Araújo, coordinadora do máster na Universidade de Vigo, quen indica que a redacción da solicitude non é moi detallada, de xeito que permita ter marxe de manobra para lograr o consenso na CAM do máster. A continuación amosa a solicitude (ANEXO III) e salienta as principais ideas: cuestións relativas aos requisitos de admisión (nivel de inglés), revisión das horas de presencialidade e valoración da posibilidade de modificación da modalidade de ensino. A idea é, polo menos, abordar a análise e valoración destes posibles cambios; poderían chegar a concretarse ou non, pero é necesario aprobar agora a declaración de interese para a modificación.

A comisión aproba, por asentimento, a declaración de interese.

Agradécese a María Araújo o seu traballo como coordinadora do mestrado.

4. Aprobación, se procede, dos rexistros *R3 DO-0201 Informes de Coordinación das titulacións impartidas no centro* (curso 2023/2024).

A Presidenta sinala que os informes de coordinación das titulacións de máster quedan pendentes para a próxima sesión; amosa os informes das titulacións de grao (ANEXO IV), que foron achegados con antelación, indica a súa estrutura e contidos e salienta os seus principais aspectos. Aclara que as dúas persoas coordinadoras de grao traballaron conxuntamente e cede a palabra a Francisco Deive, Coordinador do GEE, quen salienta as principais reunións levadas a cabo e as conclusións e acordos alcanzados en ambos informes.

Apróbanse, por asentimento, os informes de coordinación das dúas titulacións de grao.

A Presidenta agradece o traballo realizado ás persoas coordinadoras de curso, titulación e calidade.

5. Aprobación, se procede, do rexistro *R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia (curso 2023/2024)*.

A Presidenta sinala que se fixo unha revisión do procedemento para seguimento e control da docencia pero considerouse máis axeitado non modificalo ata a implementación dun sistema eficiente de control da docencia na UVIGO. En relación a este sistema lembra que se fixeron varias solicitudes á universidade o curso pasado pero aínda non houbo resposta.

En relación ao seguimento e control da docencia indica que, no curso 2023/2024, se rexistrou unha incidencia relativa á materia Enxeñaría Mecánica, que amosa e da que explica o contido. Proponse recoller esta incidencia no rexistro para deixar constancia e facer un seguimento do compromiso acadado co profesorado da materia.

A comisión aproba por asentimento o rexistro.

6. Aprobación, se procede, do *Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2023/2024) correspondente ao rexistro R1 DO-0202 Plan de Promoción do Centro*.

A Presidenta sinala que o rexistro (ANEXO V) recolle un resumo das actividades de promoción do centro desenvolvidas ao longo do curso pasado e das que xa se foi informando en Xunta de Escola a medida que se realizaron. Amosa o informe e o comenta brevemente, salientando a valoración final e as cifras de alumnado atendido nos diferentes tipos de actividades.

Sinala que o informe foi elaborado por Raquel Pérez Orozco, responsable do *Plan de Promoción e Subdirectora de Divulgación Científica e Captación*, a quen agradece o traballo e a súa dedicación á difusión do centro. Estende o agradecemento a todas as persoas que colaboraron e participaron nas actividades.

A comisión aproba o rexistro por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do rexistro *R2 DO-0203 P1 Informe final de avaliación do PAT-ANEAE correspondente ao curso 2023/2024*.

A Presidenta amosa e comenta o informe (ANEXO VI) resaltando os puntos principais. Salienta que pouco a pouco aumenta a visualización e identificación das actividades de orientación e a participación do estudantado. Destaca a creación dos espazos INFO en Moovi para información e orientación ao estudantado e a súa gran utilidade.

Sinala que o informe foi o derradeiro que lle correspondeu elaborar a Ángeles Domínguez, que deixa a coordinación do PAT-ANEAE do centro; agradácelle o traballo realizado e o estende a todas as persoas titoras do PAT.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro.

8. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO-0205 Xestión da mobilidade correspondentes ao curso 2023/2024:

- ***R1 DO-0205 Listaxe de estudantado propio seleccionado***
- ***R2 DO-0205 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.***

A Presidenta cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de Relacións Internacionais, quen elaborou os documentos (ANEXO VII) e sinala que o primeiro resume a mobilidade do alumnado do centro, incluíndo os programas Erasmus+ KA103, SICUE e ISEP, e o segundo recolle a mobilidade do estudantado alleo que ven ao noso centro. Engade que, facendo unha comparativa cos cursos anteriores, se aprecia que os números de mobilidade se van recuperando progresivamente.

A Comisión aproba por asentimento os dous rexistros do procedemento DO-0205.

Agradécese a Francisco Deive o seu traballo de orientación, planificación e elaboración dos plans docentes para a mobilidade do alumnado.

9. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DO-0301 Verificación/Chequeo de Información Pública.*

A Presidenta cede palabra a Francisco Deive, *Subdirector de Infraestruturas*, quen sinala que o máis relevante foi o cambio de estrutura da web do centro, co obxectivo de simplificar e facilitar os accesos aos contidos principais e incluír contidos novos. Aclara que, por exemplo, na sección dedicada á divulgación acometeuse unha reorganización importante de todos os contidos. Unha vez rematada a migración realizou unha verificación de todo segue accesible mediante a *check list* recollida no procedemento *DO-0301 Información pública e rendemento de contas*. Lembra que o documento (ANEXO VIII) foi achegado con antelación e sinala os principais aspectos.

Aclara que a migración da web aínda non está rematada por completo, xa que se está aproveitando para completar os currículos do profesorado e as ligazóns correspondentes, e deixouse pendente a inclusión na web do centro da titulación Máster en Xestión Sostible da Auga posto que web propia deste mestrado interuniversitario aínda se atopa en fase de elaboración.

A Comisión de Calidade aproba o rexistro por asentimento.

Agradécese a Francisco Deive a coordinación da reestruturación e revisión da web e a elaboración do documento.

10. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 MC-05 Informe de Resultados de satisfacción propios do centro (curso 2023/2024)*.

A Presidenta lembra que no centro se estableceu un indicador específico propio, relativo ao proceso de elaboración do TFG/TFM, co obxecto de dispor dunha valoración do desenvolvemento destas materias. Para elo habilitouse unha enquisa en colaboración coa Área de Calidade. A continuación amosa o informe da enquisa (ANEXO IX) e o comenta brevemente.

A comisión aproba o rexistro por asentimento.

11. Aprobación, se procede, de modificacións no rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2022/2023)*.

A Presidenta lembra que é o cadro de mando e cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de calidade, quen aclara que se detectaron erros no documento aprobado o 22 de xullo polo que propón emendalos e aprobar de novo o rexistro. Amosa o novo documento (ANEXO X) e comenta os cambios introducidos.

A Comisión aproba por asentimento a modificación do rexistro.

Agradécese o traballo realizado por Guillermo García como Coordinador de calidade.

12. Aprobación, se procede, do rexistro do rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2022/2023)*.

A Presidenta lembra que, previamente, se achegou o documento (ANEXO XI) aos membros da comisión e aclara que o motivo de facer tan tarde o IRPD foi a participación do centro no plan piloto de introdución e utilización do Cadro de Mando, o que dificultou substancialmente a elaboración do informe.

Lembra a idea e a utilizade do IRPD e, a continuación, amosa e comenta a estrutura xeral do informe, que é similar á dos anteriores, salvo pola modificación do panel de indicadores e a utilización do cadro de mando.

Aclara que non se inclúe neste informe o Máster en Xestión Sostible da Auga porque empezou a impartirse no curso 2023/2024.

A continuación sinala os principais aspectos, comentando os seus datos e facendo unha breve análise de cada un dos epígrafes.

Da sección dedicada ao Centro destaca os datos de inserción laboral (resultados do último estudo dispoñible) e das enquisas de empregadores. Salienta as valoracións efectuadas nos diferentes criterios e as accións de mellora propostas.

Amosa tamén as seccións dedicadas a cada titulación, salientando as principais valoracións, a situación das accións de mellora abertas e as propostas de novas accións de mellora.

Finalmente indica as conclusións do informe e os acordos acadados.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2022/2023)*.

Agradécese a Guillermo García e Carmen Romo o traballo realizado na recompilación da información e na elaboración do documento.

13. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 15 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e dous de outubro de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 22/10/2024

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 22 de outubro de 2024, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 22 de xullo de 2024.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, da Declaración de Interese para a modificación da titulación *Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga*.
4. Aprobación, se procede, dos rexistros *R3 DO-0201 Informes de Coordinación* das titulacións impartidas no centro (curso 2023/2024).
5. Aprobación, se procede, do rexistro *R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia* (curso 2023/2024).
6. Aprobación, se procede, do *Informe Anual de Promoción das titulacións do centro* (curso 2023/2024) correspondente ao rexistro *R1 DO-0202 Plan de Promoción do Centro*.
7. Aprobación, se procede, do rexistro *R2 DO-0203 Informe final de avaliación do PAT-ANEAE* correspondente ao curso 2023/2024.
8. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO-0205 Xestión da mobilidade correspondentes ao curso 2023/2024:
 - *R1 DO-0205 Listaxe de estudantado propio seleccionado*
 - *R2 DO-0205 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo*.
9. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DO-0301 Verificación/Chequeo de Información Pública*.
10. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 MC-05 Informe de Resultados de satisfacción propios do centro* (curso 2023/2024).
11. Aprobación, se procede, de modificacións no rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando* (curso 2022/2023).
12. Aprobación, se procede, do rexistro do rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección* (curso 2022/2023).
13. Rogos e Preguntas.

Vigo, 15 de outubro de 2024

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(* **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa **contrasinal 1DL6QsL (ele-De-Ele-De-6-Quese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 22/10/2024

**Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade
do 22 de outubro de 2024**

Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
María Araújo Fernández	Representante do Máster XSA
Ángeles Domínguez Santiago	Coordinadora do PAT/PIUNE
Raquel Pérez Orozco	Representante do PDI
Mateo Salgado Díaz	Representante do estudantado de grao 2
Juan Jesús Rico Fuentes	Representante do estudantado egresado
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME
Ana Rodríguez Rodríguez	Representante do Máster EM
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade

ANEXO III

**Declaración de Interese para a modificación da titulación *Máster*
*Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga***

ANEXO IV

Rexistro R3 DO-0201 Informes de Coordinación das titulacións do centro (curso 2023/2024):

- a) R3 DO-0201 Informe de Coordinación do GEE
- b) R3 DO-0201 Informe de Coordinación do GERME

ANEXO V

Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2023/2024), correspondente ao rexistro R1 DO-0202 Plan de promoción do centro

ANEXO VI

**Rexistro R2 DO-0203 Informe final de avaliación do PAT-ANEAE
(curso 2023/2024)**

ANEXO VII

Rexistros do procedemento DO-0205 Xestión da mobilidade correspondentes ao curso 2023/2024:

- a. *R1 DO-0205 Listaxe de estudantado propio seleccionado*
- b. *R2 DO-0205 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo*

ANEXO VIII

Registro R1 DO-0301 Verificación/Chequeo de Información Pública

ANEXO IX

**Registro R1 MC-05 Informe de Resultados de Satisfacción Propios do centro
(curso 2023/2024)**

ANEXO X

Rexistro R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2022/2023)

ANEXO XI

Registro R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2022/2023)